

Bloque 3.

Idade do Bronce.

▪ Introdución.

A efectos da presente obra consideramos a Idade de Bronce, *senso lato*, como a etapa intermedia entre a Idade da Pedra Pulida e a Idade de Ferro; A gran descoñecida da Prehistoria de Galicia, situada entre dous episodios pouco definidos como son o Megalitismo e o Castrexo. Coñecemos algúns poboados dos momentos iniciais, e algunhas covas que albergaron certa actividade na fase intermedia, así como algúns recintos fortificados erguidos na fase final. Polo que se refire ós enterramentos, a relativa abundancia de restos dos comezos da metalurxia contrasta coa súa ausencia en tempos posteriores.

Consideramos o comezo da Idade de Bronce cos inicios da **metalurxia** do cobre, no Calcolítico, e o seu remate fúndese coa construción dos primeiros castros. As comunidades desta época practicaban unha economía semellante a do Neolítico. A obtención dos metais necesarios para a fabricación dos materiais (armas, xoias, aparellos de labranza...) existía gracias a práctica dunha minería do cobre, estaño, chumbo, ouro e prata. Nesta época ten un grande pulo a actividade comercial entre as diversas comunidades.




Polo demais, agás a introducción da metalurxia e as novidades xurdidas ó seu carón, a vida cotiá era moi semellante á do Neolítico. Xunto á agricultura e gandería, a produción artesanal de ferramentas e utensilios de pedra e madeira, a olería, a cestería, o tecido, a moenda, e outras actividades domésticas escasamente se diferencian dos tempos anteriores. Unha innovación importante deste período é o **arado** de tracción animal que vai permitir a apertura de novas leiras e unha maior produtividade.

A **sociedade** e as formas culturais son cada vez máis complexas e diversificadas. Os excedentes alimenticios, produto dunha explotación do medio ambiente máis eficaz, permitiron o crecemento da poboación e a súa progresiva especialización; O control de excedentes alimentarios por parte da poboación vai producir o nacemento de **desequilibrios sociais**, documentándose a aparición de grupos máis prestixiosos e poderosos e o xurdimento de xefaturas que controlan a vida da comunidade.

Os poboados vanse facendo permanentes, con **construcións de pedra**, e tenderán á fortificación nas etapas serodias coa construción dos primeiros castros. Os enterramentos individuais -cistas- van gañando importancia fronte os grandes enterramentos de tradición megalítica. Nesta época asistimos á proliferación de gravuras rupestres ó ar libre: os **petroglifos**.

▪ Calcolítico.

O Calcolítico (2.200 -1.800 a.C.) é a primeira fase da Idade dos Metais, nel aparecen as primeiras fundicións de cobre; Os modos de vida desta época son moi semellantes ós Neolíticos, a evolución das técnicas agrícolas vai permitindo unha mellor e maior explotación da paisaxe, e producen excedentes ali-



mentarios que contribuirán a facer máis patentes as **desigualdades sociais e económicas** esbozadas ó final do Neolítico.

En termos moi xerais, a poboación vai lentamente intensificando a explotación agrícola e prodúcese unha expansión cara ás terras baixas, chairas e vales profundos. Os **asentamentos** son semellantes ós da etapa anterior, vivían en covas, en abrigos e en poboados feitos con materiais perecedeiros dos que se conservan as estruturas pétreas das lumieiras e restos dos zócalos das vivendas.

Fruto destas desigualdades a sociedade igualitaria e comunitaria dos primeiros campesiños vai camiñando cara unha sociedade desigual, onde os individualismos sinalan as diferencias; Deste xeito documéntanse **enterramentos individuais** na superficie de grandes túmulos, esta tendencia ó enterramento individual farase notoria coa aparición de pequenos túmulos ocupados por cistas.

A **cultura material** desta época presenta dúas realidades, por unha banda asistimos á continuidade de formas e técnicas anteriores, e pola outra á incorporación dos primeiros **elementos metálicos**; Primeiro aparecerán as ferramentas como os machados planos e os adornos de prata e ouro, pero despois as armas, como as punta Palmela e os puñais de espigo. Na pedra pulida incorporáranse novos utensilios como as láminas de aixada, ciceis e dobres aixadas, e tamén mazas perforadas para o combate. No conxunto cerámico aparecen formas máis complicadas e cun repertorio decorativo máis extenso, aparecendo tipos individualizados como a **cerámica campaniforme** (de forma acampanada e profusa decoración) presente en moitos lugares de Europa neste mesmo momento.



As **relacións atlánticas** de intercambio de obxectos e ideas documéntanse a finais do III milenio a.C. entre Galicia e os fisterres atlánticos europeos; A semellanza técnica e formal de gran parte dos elementos metálicos atopados nesta área poñen en evidencia a existencia dalgún vencello establecido. Por estas rutas circularía cobre e ouro galegos cara ás terras do Norte, e estaño cara ó Mediterráneo, ademais de canle comercial de materias primas e de bens de consumo, a fachada atlántica sería un canle de intercambio de ideas, de técnicas, e en definitiva de culturas. Na transición do II ó I Milenio a.C. terá lugar unha intensificación das relacións coas restantes áreas atlánticas e co Mediterráneo, sen esquecerse no interior do noso Continente.

▪ Idade de Bronce

A Idade de Bronce divídese en tres períodos: Bronce inicial (1.800 – 1.500 a.C.), Bronce medio (1.500 – 1.200 a.C.) e Bronce final (1.200 – 700 a.C.). O **Bronce inicial** caracterízase pola presenza de elementos metálicos da época anterior, pero cunha menor presenza de cerámica campaniforme, e unha proliferación dos enterramentos en cista e en mámoas sen anta; Como elemento típico desta etapa destaca a alabarda de bronce. O **Bronce medio** é a fase peor coñecida, un cambio no ritual produce a desaparición das testemuñas funerarias, non se atopan restos de enterramentos desta fase nin da seguinte; Xeneralízase o emprego do bronce, os puñais van alougando e reforzando a súa folla ate transformarse en espadas, mentres cos machados van evolucionando de plano ata o de tope, sendo propio deste período o machado tipo Barcelos. No **Bronce final** o panorama é moi semellante ó anterior, non se teñen informacións das prácticas funerarias e escasean os asen-






tamentos, agás dos máis recentes que se funden no Fenómeno Castrexo co inicio da Idade do Ferro; As espadas pistiliformes e en lingua de carpa, xunto cos caldeiros de bronce, machados de tope cun anel ou dous, machados de cubo, grandes puntas de lanza e puñais de antenas son parte do instrumental metálico desta época; Na cerámica destacan os cuncos planos e de formas abertas, ó carón de vasillas con perfil en "S".

Dende os primeiros tempos da metalurxia os **asentamentos** vanse facendo cada vez máis duradeiros, as súas vivendas van acadando unha estrutura máis sólida e permanente, e co paso do tempo irán xurdindo os poboados fortificados; Pechados con postes de madeira, primeiro, e logo con murallas de cachotería que anuncian os castros da Idade do Ferro. Do Bronce final datan os **primeiros castros** galegos (Penalba, Campolameiro; Torroso, Mos; O Neixón Pequeno, Boiro) nos que se documentan abondosas testemuñas de metalurxia.

O **material lítico** continua sendo de vital importancia dentro destas sociedades, a presenza de materiais metálicos será escasa en toda a Prehistoria Galega, os utensilios seguirán sendo de madeira e pedra, tanto lascada como pulida: A pedra lascada tiña unha importancia fundamental xa que ten maior capacidade de corte cas ferramentas de cobre e bronce; A pedra pulida foi substituída moi lentamente pola ferramenta de bronce, a escaseza de utensilios metálicos propiciou a continuidade dos utensilios de pedra pulida.


A tradición **cerámica** do Neolítico acadou, con este período, unha maior perfección técnica: pastas máis coidadas, decoracións máis prolíficas e formas máis variadas e axeitadas; A cerámica agora supón un medio de expresión estética e algunhas pezas teñen un claro contido simbólico e ritual. Estaban feitas a man, pero agora introdúcese unha nova técnica a de armadura que consiste en ir facendo unha serie de rolos, coa unión e superposición destes vaíse armando a forma da vasilla.

A **metalurxia** supón un salto cualitativo na tecnoloxía prehistórica, antes das primeiras fundicións as sociedades campesiñas coñecían en utilizaban algúns metais, como o ouro e o cobre, co pulían e martelaban para facer obxectos de adorno e algúns sinxelos útiles. Logo tiveron lugar as primeiras fundicións de cobre para facer machados, moi semellantes ós de pedra da época anterior, pronto irán complicando as formas con moldes máis complexos e tamén farán as primeiras aliaxes: A de bronce (estaño e cobre) supón conseguir un metal máis duro e eficaz. Coa fundición elaboraban ferramentas agrícolas, pero a meirande parte dos metálicos recuperados son **armas** (puñais, espadas, puntas de seta e lanza e alabardas) elementos que simbolizan o prestixio social e son indicadores de pertenza a unha elite; A decoración que levan algunhas armas invita a consideralas como obxectos de prestixio e de parada, máxime se temos en conta que algunhas delas, pola súa fragilidade, non cumprían con finalidade práctica algunha.



▪ **Manifestacións artísticas.**

Son tempos de profundos cambios sociais e de intensas relacións culturais con diferentes áreas do Continente: mediterráneas, atlánticas e interiores. A arquitectura megalítica vai caendo en desuso nos períodos iniciais desta época aparecendo outras formas arquitectónicas, as cerámicas conxugarán o seu rol funcional co ritual e co artístico, as gravuras das cámaras mortuorias trasladaranse ó exterior, ós penedos, e suporán unha explosión de moi variados motivos, mentres a metalurxia propiciará a aparición de obxectos decorativos onde a ourivera será o seu máximo expoñente.



As anteriores estruturas funerarias de carácter monumental e colectivo ceden o seu lugar a pequenas construcións denominadas **cistas**: Son pequenas construcións feitas de laxes en forma de caixa (de aí o seu nome), de planta rectangular, englobadas en pequenas mámoas e destinadas a albergar a un só individuo; Algunhas delas están decoradas cara ó interior con gravuras con motivos xeométricos, fundamentalmente zigzags (A Insua, Cabana; Camota; Cotemil, Agolada).

Os **petroglifos** son a manifestación artística máis xenuína da Prehistoria Galega, son gra-

vados realizados en penedos ó aire libre que presentan motivos decorativos relacionados co entorno e coa sociedade cos creou: animais, armas, ferramentas, ó propio home en escenas con animais. Pero tamén inclúen outros motivos de tipo xeométrico ou abstracto: cazoliñas, círculos, espirais, labirintos, e outros. Son moi abundosos nas Rías Baixas, aínda que tamén aparecen no interior da nosa terra, como por exemplo en Vilalba, onde se descubriu un exemplar único en Vilagondriz. A súa significación débese buscar no universo simbólico enraizado na nova organización social, onde as armas e as escenas de doma e caza de animais, consideradas actividades de prestixio, representan a preeminencia social do poder individual.



Ademais do seu valor intrínseco, as pezas de **ourivería**, teñen un profundo valor estético e simbólico, nunha fase temperá da metalurxia comezaronse a facer xoias de ouro para adorno persoal. Os achados desta pezas están fundamentalmente asociados a enterramentos tumulares, excepcionalmente aparecen verdadeiros tesouros agochados fora dos asentamentos e sepulturas, o máis coñecido é o Tesouro de Caldas que agrupa brazaletes, peites, colares, e tamén duns caciños con asas.

		
Circulares	Espirais	Labirintos
		
Antropomorfos	Zoomorfos	Armas

Motivos decorativos dos petroglifos

Os petroglifos teñen en gran repertorio de motivos: Motivos circulares que van desde simples cazoletas, ate círculos e motivos amocillados; Espirais máis ou menos complexas; Complicados labirintos; Figuras humanas portando armas; Figuras de animais como cévidos, equidos e bóvidos; E representacións de armas, especialmente puñais de espigo e alabardas.

Estas figuras poden estar illadas ou formando grupos, coa repetición de figuras semellantes, ou coa combinación de motivos humanos e animais (escenas de doma e de caza.) humanos cos armas, e animais con motivos circulares.



sas, mentres co pobo miúdo enterrábase con enxovais moi sinxelos como o vaso de O Cubillón.

A disociación entre a **Arte** das gravuras das cistas e dos petroglifos é evidente; As primeiras aluden a unha simboloxía de carácter funerario entroncada coa etapa anterior, namentres os petroglifos poden ser mostra dun novo simbolismo relixioso propio dunha época onde a sociedade é moito máis dinámica e complexa.

A aparición de **armas nos ríos**, especialmente espadas, é unha constante na arqueoloxía do Bronce final en moitos lugares de Europa, foron tiradas inicialmente ós ríos no transcurso de cerimoniais relixiosas que rendían culto ás correntes de auga.

▪ **Relixiosidade.**

No Calcolítico xurde un **novo ritual de enterramento**, os sepulcros colectivos serán substituídos polos individuais; Na Idade do Bronce terá lugar un gran polimorfismo funerario, nos primeiros tempos documéntanse pequenas fosas de enterramento cavadas nos túmulos da época anterior, tamén se adoptan outras solucións como o enterramento en cistas cubertas por pequenas mámoas e mámoas sen cámara arquitectónica. A partires do Bronce inicial penetra a incineración como **nova práctica funeraria**, a cremación dos mortos e o posterior soterramento das cinzas provocará a perda de toda referencia da arqueoloxía funeraria ate a Época Romana.

Este cambio de rito funerario é un claro reflexo do proceso de individualización e desigualdade, os **enxovais** que acompañan ós defuntos remarcán estas diferencias: As elites eran acompañadas de materiais de prestixio, xoias de ouro, obxectos de cobre e cerámicas exóticas ou escandinavas.

▪ **Materiais Expostos:**

Vitrina-08	Idade do Bronce
Contén fragmentos cerámicos de asentamentos deste período, xunto cun machado e diversas réplicas de materiais metálicos e cerámicos. O carón da vitrina anterior existe un petroglifo exento atopado en Vilagondriz, Lanzós (Vilalba).	

▪ **Conceptos relativos ás diferentes Unidades:**

Unid. 4	1º de ESO, Historia
<ul style="list-style-type: none"> As primeiras sociedades metalúrxicas: Nacemento dunha sociedade estratificada. Continuidade e intensificación dos medios de produción. Formas cerámicas comúns en Europa: Campaniforme. Primeiros instrumentos metálicos e ourivería. Ritual funerario individual. Os petroglifos. 	

Unid. 6

2º BAC, Historia

- Auxe económico e complexidade social: Xerarquía e individualismo.
- Petrificación dos poboados.
- Relacións culturais co resto de Europa.
- Traballo dos metais: ferramentas, armas e xoias.
- Pervivencia do Megalitismo e polimorfismo funerario.
- Arte rupestre galego: os petroglifos.

Unid. 7

2º BAC, Historia da Arte

- A sociedades metalúrxicas.
- Arte rupestre.
- Ourivería.
- Outras manifestacións

Unid. 9

1º BAC, Filosofía

- Unha sociedade complexa: xerarquización social.
- Cambio do ritual funerario: enterramentos colectivos, enterramentos individuais, incineración.
- Simbolismo dos petroglifos.